



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de CLARINETE** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026.**

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e endereço en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de clarinete** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026**.

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE CLARINETE DO CONSERVATORIO

Convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de clarinete do conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de clarinete do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que por Decreto da Alcaldía do 04/05/2026 probáronse as bases específicas que regularán o dito procedemento, convocouse o mesmo e nomeáronse os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes, contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “Bases específicas para a selección e creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación á seguinte praza/posto: profesor/a de clarinete do Conservatorio municipal de música” consonte á redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación á seguinte praza/posto:

Profesor/a de clarinete do Conservatorio municipal de música	Categoría: B21
---	-----------------------

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte as retribucións e características contractuais recollidas no Convenio Colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, do 11 de agosto de 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía do 04/05/2026 as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor/a de clarinete do Conservatorio municipal de música segundo. Lexislación aplicable

A Lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.



- A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.
- Os artigos 177 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- A Disposición Adicional Segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.
- O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- O Convenio Colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP núm. 8,3 do 10 de abril de 2006as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na publicación das mesmas no BOP número 83, do 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte o TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte o TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder a mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo a teor da xurisprudencia recente que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal,(BOP número 152, do 11 de agosto de 2025)

Terceiro. Requisitos de admisión

- a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.
- b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución



xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación Superior de CLARINETE (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou Titulación de Profesor do Plan 66 de CLARINETE.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título Celga 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estar persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: Debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o Certificado de Delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: Informe da Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe da Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.

Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.



Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE, e ademais, deberá aportarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. En caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso

De 501 en adiante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

- nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, mestrado, doutorado o formación profesional relacionadas coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ó esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

Celga 5 ou equivalente: 1,00 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.”

“Artigo 153. Actuacións especiais en casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existisen méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.”

Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta



de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b ...

Nota informativa en relación á presentación de documentación: As/os interesadas/os que se consideren non obrigados/as á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos en base o artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste sendo, os/as interesadas/os que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995, non acheguen a documentación por constar esta documentación no concello, deben optar por algunha destas opcións:

-deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no concello, sen indicar tan sequera cales son.

- se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación méritos, deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento a seguir para a constitución de bolsa de emprego.

O procedemento a seguir é practicamente idéntico ó establecido nas bases recollidas no BOP n.º 83, do 10 de abril de 2006 da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos ós e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia

I. Convocatoria: A Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia, publicará o acordo de convocatoria o e bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia así como nomeamento dos membros da Comisión de Selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: Os interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixíranse á alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez, n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Asemade, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa- convocatoria (anexos I e II).

III. Prazos e modos de presentación: O prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes a formar parte das listas, comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.

IV. Lugares de presentación de solicitudes

Registro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións Públicas.



2) Proceso de elaboración de lista de aspirantes a desempregar postos de con carácter temporal. Constitución da Bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes, e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso administrativo.

A continuación a Comisión de selección procederá a baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. En caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgárase un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar por aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola Comisión de Selección a proposta de lista provisional baremadas de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía aprobará a mesma e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Asemade publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Resoltas as reclamacións pola Comisión de Selección o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía aprobará en base proposta da comisión a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e a publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Asemade publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor un recurso de reposición ou contencioso administrativo.

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo a Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.

Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Elaborada a lista de aspirantes consonte o anterior punto, poderase cubrir, no momento en que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, consonte a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: Cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por



orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación e así, sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarse o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ó burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarse o seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a) Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: O/a aspirante contratado/a terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b) Desistencia ou renuncia a un contrato: O aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

- Estar en situación de ocupado/a.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: o aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.

Sétima. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte este proceso estará vixente durante dous anos. En caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituírase unha nova bolsa.

2) Nomear os seguintes membros da Comisión de Selección:

Presidenta: Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeiro vogal: Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Lima. Substituto: Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.





Segundo vogal: María José Rodríguez Carrera, profesora de clarinete do Concello de Xinzo de Limia. Substituto: Mónica Legaspi Diaz, interventora do Concello.

Terceiro vogal. Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello. Substituto: José Francisco Arias Cuesta, técnico de urbanismo do Concello de Xinzo de Limia.

Secretario: Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello. Substituta: Rosa M^a Ferreiro Campelo, técnico de Secretaría do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de clarinete do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se publicará a través das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes, contados desde o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique o anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello (www.xinzodelimia.es).”

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Fdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.020



IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE VIOLÍN DO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA.

Anuncio da convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de violín do Conservatorio Municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que, por Decreto da Alcaldía de data 04/05/2026, se aprobaron as bases específicas que regularán o dito procedemento, se convocou este e se nomearon os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “bases específicas para a selección e creación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto: profesor/a de violín do Conservatorio Municipal de Música” consonte coa redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación de bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto:

Profesor/a de violín do Conservatorio Municipal de Música	Categoría: B21
--	-----------------------

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte coas retribucións e características contractuais recollidas no Convenio colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, de 11 de agosto do 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía, de data 04/05/2026, as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor/a de violín do Conservatorio Municipal.

Segundo. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



- O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

- A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

- Os artigos 177 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

- A disposición adicional segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

- O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- O Convenio colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP nº 83 do 10 de abril de 2006, as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na súa publicación no BOP número 83 de 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte co TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte co TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder á mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo, a teor da xurisprudencia recente, que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- “Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal” (BOP número 152 de 11 de agosto do 2025).

Terceiro. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de estado comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de estado comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación superior de violín (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou titulación de profesor/a de Plan 66 de violín.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde, do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase, para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo, para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o certificado de delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación.

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e certificado de servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados).

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.



Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE e, ademais, deberá achegarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. No caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos, e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso.

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso.

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso.

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso.

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado o curso, na que conste o número de horas de formación realizada).

- Nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, máster, doutorado o formación profesional relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ao esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

• CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: no suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

“Artigo 153. Actuacións especiais nos casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dúas o máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.



2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes”.

Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b

Nota informativa en relación coa presentación de documentación: as/os interesadas/os que se consideren non obrigadas/os á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos baseándose no artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste senso, os/as interesados/as que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995 non acheguen documentación por constar esta documentación no Concello, deben optar por algunha destas opcións:

- Deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no Concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no Concello, sen indicar tan sequera cales son.
- Se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación de méritos deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento para seguir para a constitución da bolsa de emprego.

O procedemento para seguir é practicamente idéntico ao establecido nas bases recollidas no BOP nº 83, do 10 de abril de 2006, da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos aos e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia.

I. Convocatoria: a Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia fará público o acordo de convocatoria e as bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, así como o nomeamento dos membros da comisión de selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluíra o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: os/as interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez, n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Así mesmo, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa - convocatoria (anexos I e II).



III. Prazos e modos de presentación: o prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes para formar parte das listas comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.

IV. Lugares de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) Proceso de elaboración da lista de aspirantes para desempeñar postos con carácter temporal. Constitución da bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as que non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Unha vez vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso-administrativo.

A continuación, a comisión de selección procederá á baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. No caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgaráselle un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar polo aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola comisión de selección a proposta de lista provisional baremada de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía a aprobará e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Unha vez resoltas as reclamacións pola comisión de selección, o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía, aprobará, baseándose na proposta da comisión, a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e publicaráa no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso-administrativo.



As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo coa Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.

Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Unha vez elaborada a lista de aspirantes consonte co anterior punto, poderase cubrir, no momento no que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, como a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación, e así sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarase o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ao burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarase ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a) Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: o/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo, rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b) Desistencia ou renuncia a un contrato: o aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

- Estar en situación de ocupado/a.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: o aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.



Sétima. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte con este proceso estará vixente durante dous anos. No caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituirase unha nova bolsa.

2) Nomear aos seguintes membros da comisión de selección:

Presidenta: dona Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: dona Cristina Vázquez Canal, profesora de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeira vogal: dona Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituta: dona Mónica Legaspi Díaz, interventora do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo vogal: don Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituto: don Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Terceiro vogal: don Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello.

Substituto: don José Francisco Arias Cuesta, técnico de Urbanismo do Concello de Xinzo de Limia.

Secretaria: dona Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello de Xinzo de Limia.

Substituta: dona Rosa María Ferreiro Campelo, técnica de Secretaría do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de violín do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se fará pública a través da publicación das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina web do Concello (www.xinzodelimia.es)”.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.015





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiveren coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de VIOLÍN** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026**.

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e endereço en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de VIOLÍN** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026.

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE PIANO DO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA.

Anuncio da convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de piano do Conservatorio Municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que, por Decreto da Alcaldía de data 04/05/2026, se aprobaron as bases específicas que regularán o dito procedemento, se convocou este e se nomearon os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “bases específicas para a selección e creación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto: profesor de piano do Conservatorio Municipal de Música” consonte coa redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación de bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto:

Profesor de piano do Conservatorio Municipal de Música	Categoría: B21
---	-----------------------

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte coas retribucións e características contractuais recollidas no Convenio colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, de 11 de agosto do 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía, de data 04/05/2026, as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor de piano do Conservatorio Municipal.

Segundo. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



- O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

- A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

- Os artigos 177 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

- A disposición adicional segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

- O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- O Convenio colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP nº 83 do 10 de abril de 2006, as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na súa publicación no BOP número 83 de 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte co TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte co TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder á mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo, a teor da xurisprudencia recente, que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- “Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal” (BOP número 152 de 11 de agosto do 2025).

Terceiro. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de estado comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de estado comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación superior de piano (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou titulación de profesor de Plan 66 de piano.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde, do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase, para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo, para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o certificado de delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación.

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e certificado de servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados).

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.



Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE e, ademais, deberá achegarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. No caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos, e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso.

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso.

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso.

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso.

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado o curso, na que conste o número de horas de formación realizada).

- Nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, máster, doutorado o formación profesional relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ao esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

- CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: no suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

“Artigo 153. Actuacións especiais nos casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dúas o máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.



2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes”.

Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b

Nota informativa en relación coa presentación de documentación: as/os interesadas/os que se consideren non obrigadas/os á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos baseándose no artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste senso, os/as interesados/as que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995 non acheguen documentación por constar esta documentación no Concello, deben optar por algunha destas opcións:

- Deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no Concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no Concello, sen indicar tan sequera cales son.

- Se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación de méritos deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento para seguir para a constitución da bolsa de emprego.

O procedemento para seguir é practicamente idéntico ao establecido nas bases recollidas no BOP nº 83, do 10 de abril de 2006, da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos aos e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia.

I. Convocatoria: a Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia fará público o acordo de convocatoria e as bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, así como o nomeamento dos membros da comisión de selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: os/as interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez, n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Así mesmo, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa - convocatoria (anexos I e II).



III. Prazos e modos de presentación: o prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes para formar parte das listas comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.

IV. Lugares de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) Proceso de elaboración da lista de aspirantes para desempeñar postos con carácter temporal. Constitución da bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as que non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Unha vez vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso-administrativo.

A continuación, a comisión de selección procederá á baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. No caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgaráselle un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar polo aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola comisión de selección a proposta de lista provisional baremada de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía a aprobará e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Unha vez resoltas as reclamacións pola comisión de selección, o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía, aprobará, baseándose na proposta da comisión, a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e publicaráa no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso-administrativo.



As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo coa Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.

Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Unha vez elaborada a lista de aspirantes consonte co anterior punto, poderase cubrir, no momento no que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, como a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación, e así sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarase o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ao burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarase ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a) Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: o/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo, rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b) Desistencia ou renuncia a un contrato: o aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

- Estar en situación de ocupado/a.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: o aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.



Sétima. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte con este proceso estará vixente durante dous anos. No caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituirase unha nova bolsa.

2) Nomear aos seguintes membros da comisión de selección:

Presidenta: dona Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: dona Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeiro vogal: don Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituto: don Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Segunda vogal: dona Cristina Vázquez Canal, profesora de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituta: dona Mónica Legaspi Díaz, interventora do Concello de Xinzo de Limia.

Terceiro vogal: don Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello.

Substituto: don José Francisco Arias Cuesta, técnico de Urbanismo do Concello de Xinzo de Limia.

Secretaria: dona Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello.

Substituta: dona Rosa María Ferreiro Campelo, técnica de Secretaría do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de piano do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se fará pública a través da publicación das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina web do Concello (www.xinzodelimia.es)”.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.013





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiveren coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de PIANO** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense número 87 de data 12/05/2026**.

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e enderezo en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de PIANO** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense número 87 de data 12/05/2026**,

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE SAXOFÓN DO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA.

Anuncio da convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de saxofón do Conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de saxofón do Conservatorio Municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que, por Decreto da Alcaldía de data 04/05/2026, se aprobaron as bases específicas que regularán o dito procedemento, se convocou este e se nomearon os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “bases específicas para a selección e creación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto: profesor/a de saxofón do Conservatorio Municipal de Música” consonte coa redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación de bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto:

Profesor/a de saxofón do Conservatorio Municipal de Música	Categoría: B21
---	-----------------------

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte coas retribucións e características contractuais recollidas no Convenio colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, de 11 de agosto do 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía, de data 04/05/2026, as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor/a de saxofón do Conservatorio Municipal.

Segundo. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



- O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

- A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

- Os artigos 177 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

- A disposición adicional segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

- O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- O Convenio colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP nº 83 do 10 de abril de 2006, as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na súa publicación no BOP número 83 de 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte co TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte co TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder á mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo, a teor da xurisprudencia recente, que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- “Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal” (BOP número 152 de 11 de agosto do 2025).

Terceiro. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de estado comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de estado comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación superior de saxofón (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou titulación de profesor/a de Plan 66 de saxofón.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde, do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase, para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo, para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o certificado de delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación.

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e certificado de servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados).

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.



Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE e, ademais, deberá achegarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. No caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos, e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso.

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso.

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso.

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso.

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado o curso, na que conste o número de horas de formación realizada).

- Nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, máster, doutorado o formación profesional relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ao esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

- CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: no suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

“Artigo 153. Actuacións especiais nos casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dúas o máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes”.



Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b

Nota informativa en relación coa presentación de documentación: as/os interesadas/os que se consideren non obrigadas/os á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos baseándose no artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste senso, os/as interesados/as que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995 non acheguen documentación por constar esta documentación no Concello, deben optar por algunha destas opcións:

- Deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no Concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no Concello, sen indicar tan sequera cales son.
- Se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación de méritos deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento para seguir para a constitución da bolsa de emprego.

O procedemento para seguir é practicamente idéntico ao establecido nas bases recollidas no BOP nº 83, do 10 de abril de 2006, da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos aos e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia.

I. Convocatoria: a Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia fará público o acordo de convocatoria e as bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, así como o nomeamento dos membros da comisión de selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: os/as interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez, n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Así mesmo, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa - convocatoria (anexos I e II).

III. Prazos e modos de presentación: o prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes para formar parte das listas comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.



IV. Lugares de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) Proceso de elaboración da lista de aspirantes para desempeñar postos con carácter temporal. Constitución da bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as que non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Unha vez vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso-administrativo.

A continuación, a comisión de selección procederá á baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. No caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgaráselle un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar polo aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola comisión de selección a proposta de lista provisional baremada de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía a aprobará e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Unha vez resoltas as reclamacións pola comisión de selección, o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía, aprobará, baseándose na proposta da comisión, a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e publicaraa no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso-administrativo.

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo coa Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.



Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Unha vez elaborada a lista de aspirantes consonte co anterior punto, poderase cubrir, no momento no que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, como a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación, e así sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarase o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ao burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarase ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a) Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: o/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo, rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b) Desistencia ou renuncia a un contrato: o aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

- Estar en situación de ocupado/a.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: o aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.

Sétima. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte con este proceso estará vixente durante dous anos. No caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas



incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituirase unha nova bolsa.

2) Nomear aos seguintes membros da comisión de selección:

Presidenta: dona Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: dona Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeira vogal: dona Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello.

Substituta: dona Mónica Legaspi Díaz, interventora do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo vogal: don Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituto: don Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Terceiro vogal: don Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello.

Substituto: don José Francisco Arias Cuesta, técnico de Urbanismo do Concello de Xinzo de Limia.

Secretaria: dona Rosa M^a Ferreiro Campelo, técnica de Secretaría do Concello.

Substituta: dona Rosa María Prol Prol, técnica de Emprego do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de saxofón do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se fará pública a través da publicación das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina web do Concello (www.xinzodelimia.es)”.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.017





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiveren coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de SAXOFÓN** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026**.

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e enderezo en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de saxofón** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026**,

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE TROMPETA DO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA

Convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de trompeta do conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de trompeta do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que por Decreto da Alcaldía do 04/05/2026 aprobáronse as bases específicas que regularán o dito procedemento, convocouse o mesmo e nomeáronse os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes, contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “Bases específicas para a selección e creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación á seguinte praza/posto: profesor/a de trompeta do Conservatorio municipal de música” consonte á redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación á seguinte praza/posto:

Profesor/a de trompeta do Conservatorio municipal de música	Categoría: B21
--	-----------------------

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte as retribucións e características contractuais recollidas no Convenio Colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, do 11 de agosto de 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía do 04/05/2026 as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor/a de trompeta do Conservatorio municipal de música Segundo. Lexislación aplicable

A Lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



– O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

– A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

– Os artigos 177 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

– A Disposición Adicional Segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

– O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

– O Convenio Colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP núm. 8,3 do 10 de abril de 2006, as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na publicación das mesmas no BOP número 83, do 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte o TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte o TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder a mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo a teor da xurisprudencia recente que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal, (BOP número 152, do 11 de agosto de 2025)

Terceiro. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado o inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación Superior de trompeta (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou Titulación de Profesor do Plan 66 de trompeta.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título Celga 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase ós efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estar persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: Debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o Certificado de Delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas Administracións públicas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: Informe da Vida Laboral e Certificado de Servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados)

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto a desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: Informe da Vida Laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.



Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE, e ademais, deberá aportarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. En caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado curso, na que conste o número de horas de formación realizada)

- nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, mestrado, doutorado o formación profesional relacionadas coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ó esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

Celga 5 ou equivalente: 1,00 punto

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.”

“Artigo 153. Actuacións especiais en casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existisen méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.”



Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b ...

Nota informativa en relación á presentación de documentación: As/os interesadas/os que se consideren non obrigados/as á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos en base o artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste sendo, os/as interesadas/os que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995, non acheguen a documentación por constar esta documentación no concello, deben optar por algunha destas opcións:

-deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no concello, sen indicar tan sequera cales son.

- se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación méritos, deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento a seguir para a constitución de bolsa de emprego.

O procedemento a seguir é practicamente idéntico ó establecido nas bases recollidas no BOP n.º 83, do 10 de abril de 2006 da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos ós e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia

I. Convocatoria: A Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia, publicará o acordo de convocatoria o e bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia así como nomeamento dos membros da Comisión de Selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: Os interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixirase á alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Asemade, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa- convocatoria (anexos I e II).

III. Prazos e modos de presentación: O prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes a formar parte das listas, comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.



IV. Lugares de presentación de solicitudes

Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

2) Proceso de elaboración de lista de aspirantes a desempregar postos de con carácter temporal. Constitución da bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes, e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso administrativo.

A continuación a Comisión de selección procederá a baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. En caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgárase un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar por aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola Comisión de Selección a proposta de lista provisional baremadas de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía aprobará a mesma e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Asemade publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Resultas as reclamacións pola Comisión de Selección o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía aprobará en base proposta da comisión a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e a publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Asemade publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha somera referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor un recurso de reposición ou contencioso administrativo.

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo a Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.



Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Elaborada a lista de aspirantes consonte o anterior punto, poderase cubrir, no momento en que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, consonte a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: Cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación e así, sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarse o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ó burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarse o seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a).- Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: O/a aspirante contratado/a terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b).- Desistencia ou renuncia a un contrato: O aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

— Estar en situación de ocupado/a.

— Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

— Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: O aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.

Sétima. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte este proceso estará vixente durante dous anos. En caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas



incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituírase unha nova bolsa.

2) Nomear os seguintes membros da Comisión de Selección:

Presidenta: Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeiro vogal: Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello. Substituta: Mónica Legaspi Díaz, interventora do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo vogal: Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Lima. Substituto: Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Terceiro vogal: Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello. Substituto: José Francisco Arias Cuesta, técnico de Urbanismo do Concello.

Secretario: Rosa Mª Ferreiro Campelo, técnica de Secretaría do Concello. Substituta: Rosa María Prol Prol, técnica de Emprego do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de trompeta do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se publicará a través das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes, contados desde o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique o anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello:

(www.xinzodelimia.es).”

Documento asinado electronicamente.

O alcalde. Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.018





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de TROMPETA** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026.**

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e enderezo en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de trompeta** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense nº 87, de data 12/05/2026,**

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE FRAUTA DO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA.

Anuncio da convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de frauta do Conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de frauta do Conservatorio Municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que, por Decreto da Alcaldía de data 04/05/2026, se aprobaron as bases específicas que regularán o dito procedemento, se convocou este e se nomearon os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “bases específicas para a selección e creación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto: profesor/a de frauta do Conservatorio Municipal de Música” consonte coa redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación de bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto:

Profesor/a de frauta do Conservatorio Municipal de Música
--

Categoría: B21

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte coas retribucións e características contractuais recollidas no Convenio colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, de 11 de agosto do 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía, de data 04/05/2026, as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor/a de frauta do Conservatorio Municipal.

Segundo. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



- O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

- A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

- Os artigos 177 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

- A disposición adicional segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

- O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- O Convenio colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP nº 83 do 10 de abril de 2006, as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na súa publicación no BOP número 83 de 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte co TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte co TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder á mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo, a teor da xurisprudencia recente, que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- “Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal” (BOP número 152 de 11 de agosto do 2025).

Terceiro. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de estado comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de estado comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación superior de frauta (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou titulación de profesor/a de Plan 66 de frauta.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde, do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acredítase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase, para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo, para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o certificado de delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación.

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e certificado de servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados).

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.



Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE e, ademais, deberá achegarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. No caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos, e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso.

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso.

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso.

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso.

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado o curso, na que conste o número de horas de formación realizada).

- Nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, máster, doutorado o formación profesional relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ao esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

• CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: no suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

“Artigo 153. Actuacións especiais nos casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dúas o máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes”.



Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b

Nota informativa en relación coa presentación de documentación: as/os interesadas/os que se consideren non obrigadas/os á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos baseándose no artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste senso, os/as interesados/as que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995 non acheguen documentación por constar esta documentación no Concello, deben optar por algunha destas opcións:

- Deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no Concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no Concello, sen indicar tan sequera cales son.
- Se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación de méritos deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento para seguir para a constitución da bolsa de emprego.

O procedemento para seguir é practicamente idéntico ao establecido nas bases recollidas no BOP nº 83, do 10 de abril de 2006, da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos aos e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia.

I. Convocatoria: a Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia fará público o acordo de convocatoria e as bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, así como o nomeamento dos membros da comisión de selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: os/as interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez, n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Así mesmo, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa - convocatoria (anexos I e II).

III. Prazos e modos de presentación: o prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes para formar parte das listas comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.



IV. Lugares de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) Proceso de elaboración da lista de aspirantes para desempeñar postos con carácter temporal. Constitución da bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as que non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Unha vez vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso-administrativo.

A continuación, a comisión de selección procederá á baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. No caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgaráselle un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar polo aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola comisión de selección a proposta de lista provisional baremada de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía a aprobará e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Unha vez resoltas as reclamacións pola comisión de selección, o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía, aprobará, baseándose na proposta da comisión, a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e publicaráa no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso-administrativo.

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo coa Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.



Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Unha vez elaborada a lista de aspirantes consonte co anterior punto, poderase cubrir, no momento no que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, como a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación, e así sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarase o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ao burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarase ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a) Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: o/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo, rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b) Desistencia ou renuncia a un contrato: o aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

- Estar en situación de ocupado/a.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: o aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.

Sétima. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte con este proceso estará vixente durante dous anos. No caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas



incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituirase unha nova bolsa.

2) Nomear aos seguintes membros da comisión de selección:

Presidenta: dona Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: dona Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeira vogal: dona Nieves Llopis Tormo, profesora de frauta do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituta: dona Mónica Legaspi Díaz, interventora do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo vogal: don Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Substituto: don Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Terceiro vogal: don Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello.

Substituto: don José Francisco Arias Cuesta, técnico de Urbanismo do Concello de Xinzo de Limia.

Secretaria: dona Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello.

Substituta: dona Rosa María Ferreiro Campelo, técnica de Secretaría do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de frauta do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se fará pública a través da publicación das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina web do Concello (www.xinzodelimia.es)”.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.014





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de FRAUTA** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense número 87 de data 12/05/2026**,

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e enderezo en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de FRAUTA** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense número 87 de data 12/05/2026**,

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DOCENTE DE GUITARRA DO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA.

Anuncio da convocatoria e bases para a constitución dunha bolsa de traballo de docente de guitarra do Conservatorio de Xinzo de Limia

O Concello de Xinzo de Limia pretende constituír unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para cubrir as ausencias do/a profesor/a de guitarra do Conservatorio Municipal que se poidan producir por diferentes causas, motivo polo que, por Decreto da Alcaldía de data 04/05/2026, se aprobaron as bases específicas que regularán o dito procedemento, se convocou este e se nomearon os membros integrantes da Comisión de Selección, outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, sendo o contido literal da parte dispositiva do referido Decreto o seguinte:

“1) Aprobar as “bases específicas para a selección e creación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto: profesor de guitarra do Conservatorio Municipal de Música” consonte coa redacción seguinte:

“Bases específicas para a selección e creación de bolsa de emprego de persoal laboral temporal do Concello de Xinzo de Limia, en relación coa seguinte praza/posto:

Profesor de guitarra do Conservatorio Municipal de Música	Categoría: B21
--	-----------------------

Primeiro. Obxecto das bases

Unha vez aprobadas definitivamente as bases xerais para a constitución de bolsas de contratación que permitan cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos e licenzas dos traballadores/as e vacantes mediante contratos de substitución e eventuais por circunstancias da produción, consonte coas retribucións e características contractuais recollidas no Convenio colectivo do Concello de Xinzo de Limia (BOP número 152, de 11 de agosto do 2025) foron elaboradas e aprobadas por Decreto da Alcaldía, de data 04/05/2026, as presentes bases específicas para a cobertura do posto de profesor de guitarra do Conservatorio Municipal.

Segundo. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ven determinada por:

- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



- O texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

- A Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

- Os artigos 177 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

- A disposición adicional segunda do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

- O texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- O Convenio colectivo aprobado polo Concello, incluídas as bases de selección de persoal laboral temporal publicadas no BOP nº 83 do 10 de abril de 2006, as cales continuarán vixentes en todo o que non contradiga as presentes bases. Neste eido sinalar que o Concello ven realizando procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal utilizando as bases de selección aprobadas previa negociación sindical e que forman parte do Convenio colectivo vixente segundo se recolle na súa publicación no BOP número 83 de 10 de abril de 2006, se ben foi preciso actualizar estas bases consonte co TREBEP. A aplicación destas bases, previa actualización consonte co TREBEP, é unha cuestión pacífica en materia sindical nos últimos anos. Se ben ata o momento as devanditas bases se empregaron, salvo algunha excepción, para a realización de procesos selectivos puntuais, en realidade as devanditas bases tiñan como fin a creación de bolsas de emprego, sendo polo tanto, a constitución da bolsa de emprego que a Alcaldía pretende levar a cabo máis consonte coa finalidade das bases e a negociación levada a cabo no seu día que os anteriores procesos selectivos xa realizados. Tras a finalización dos procesos de estabilización de emprego, e estando prevista a aprobación dunha RPT no ano 2025, procede regular de forma exhaustiva todo o relativo á materia de persoal especialmente no que se refire á selección temporal, polo cal, non se considera axeitado proceder á mera continuidade da normativa anterior como ata o momento se fixo en materia de procesos selectivos, propondo, a teor da xurisprudencia recente, que se teñan en conta como mérito unicamente a experiencia e a formación para tratar de dar mellor cumprimento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

- “Bases xerais para a selección e creación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal” (BOP número 152 de 11 de agosto do 2025).

Terceiro. Requisitos de admisión

a) Ter a nacionalidade española, ou de estado comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de estado comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.

e) Titulación:

e.1) Titulación superior de guitarra (LOE, LOXSE ou equivalentes) ou titulación de profesor de Plan 66 de guitarra.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e.2) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde, do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Se non se acreditase este requisito poderase acceder ao proceso selectivo pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega que terá carácter eliminatorio. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía a cal en ningún caso computará como mérito e realizarase, para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo, para aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia.

f) Outros requisitos: debe acreditarse a carencia de delitos de natureza sexual presentando o certificado de delitos de natureza sexual.

Cuarto. Méritos e baremación.

I. Puntuación da experiencia profesional

a) Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,15 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e certificado de servizos prestados para esa Administración ou contratos cotexados).

b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas relacionados co posto para desempeñar na mesma categoría.

0,10 puntos/mes

(Acreditación: informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación dos apartados de experiencia profesional non poderá exceder de 12,00 puntos.



Notas aclaratorias:

Nota A. Cando se esixa experiencia profesional mínima como requisito de admisión, puntuarase a experiencia que exceda do requisito recollido na base que corresponda.

Nota B. A experiencia como autónomo/a relacionada co posto será valorada cando se acredite debidamente (vida laboral e alta IAE e, ademais, deberá achegarse ben algún contrato mercantil, ben contrato administrativo, ben facturación como autónomo do último ano).

Nota C. No caso de xornada parcial serán valorados os servizos efectivamente prestados.

II. Puntuación dos méritos académicos:

a) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, Fundación Tripartita para Formación ou sindicatos, e relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta:

Máximo 3 puntos.

De 10 a 40 horas: 0,10 puntos por curso.

De 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso.

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso.

De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso.

De 501 en diante: 1,00 punto por curso.

(Acreditación: copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizado o curso, na que conste o número de horas de formación realizada).

- Nota aclaratoria: os títulos de licenciatura, grao, máster, doutorado o formación profesional relacionados coas funcións propias da categoría á que se opta serán valorados cun punto por título.

b) Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ao esixido en cada caso como requisito de admisión (só se valorará o grado superior alegado):

• CELGA 5 ou equivalente: 1,00 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia. Só se puntuará o curso de maior titulación.

Desempate: no suposto de empate a puntos entre varios aspirantes, no caso de infrarrepresentación do sexo feminino na escala correspondente será de aplicación para dirimilo o establecido no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

“Artigo 153. Actuacións especiais nos casos de infrarrepresentación

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dúas o máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes”.



Se inda así persistira o empate acudirase para dirimilo á maior experiencia profesional.

Para o caso de que aínda persistira o empate, será elixido o aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima, en orde alfabética, á letra que se determine por sorteo da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Atenderase ao sorteo inmediatamente anterior ao inicio do procedemento selectivo para a constitución da bolsa de emprego. Por exemplo, se a letra elixida no sorteo fora a “y” a orde será a seguinte: y, z, a, b

Nota informativa en relación coa presentación de documentación: as/os interesadas/os que se consideren non obrigadas/os á presentación de documentación acreditativa de méritos por tela presentado en anteriores procesos selectivos baseándose no artigo 53 da Lei 39/2015, deben polo menos alegar dalgún xeito os ditos méritos concretando cales son. Neste senso, os/as interesados/as que amparándose no artigo 53 da Lei 39/1995 non acheguen documentación por constar esta documentación no Concello, deben optar por algunha destas opcións:

- Deben alegar de forma concreta o mérito cuxa acreditación consta no Concello, non sendo válido indicar xenericamente que os méritos constan no Concello, sen indicar tan sequera cales son.
- Se o que pretenden é remitirse a un anterior proceso selectivo para a xustificación de méritos deben como mínimo indicar a que proceso selectivo se remiten (indicar decreto de convocatoria).

Quinto. Procedemento para seguir para a constitución da bolsa de emprego.

O procedemento para seguir é practicamente idéntico ao establecido nas bases recollidas no BOP nº 83, do 10 de abril de 2006, da provincia de Ourense, cunhas mínimas adecuacións procedimentais para permitir a emenda de méritos e requisitos aos e ás aspirantes. Exponse a continuación.

1) Convocatoria do proceso selectivo de elaboración de lista para a cobertura e provisión de postos de traballo temporais do Concello de Xinzo de Limia.

I. Convocatoria: a Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia fará público o acordo de convocatoria e as bases do proceso selectivo de elaboración das listas de aspirantes para a provisión de postos de traballo temporais no Concello de Xinzo de Limia, así como o nomeamento dos membros da comisión de selección, mediante anuncio no BOP da provincia Ourense que incluírá o contido íntegro das bases. Tamén se publicará un anuncio en referencia a esta convocatoria en dous medios de comunicación da provincia.

II. Solicitudes: os/as interesados/as poderán presentar solicitude/s para ser incluídos na lista.

As solicitudes que se presenten dirixiranse á Alcaldía do Concello de Xinzo de Limia (Concello de Xinzo de Limia. Rúa Curros Enríquez, n.º 15), quen posteriormente dará traslado destas á comisión de selección. Así mesmo, o formulario de solicitude axustarase ao modelo que se inclúe nesta normativa - convocatoria (anexos I e II).

III. Prazos e modos de presentación: o prazo para a presentación de solicitudes dos/as aspirantes para formar parte das listas comezará a contar o día natural seguinte ao da publicación desta normativa no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estenderase durante 20 días naturais.



IV. Lugares de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) Proceso de elaboración da lista de aspirantes para desempeñar postos con carácter temporal. Constitución da bolsa de emprego.

En primeiro lugar, comprobado o cumprimento dos requisitos de selección polos/as aspirantes e realizada a proba oral de coñecemento do idioma galego para aqueles/as que non acrediten o coñecemento deste lingua documentalmente, elaborárase pola comisión de selección unha listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de tres días hábiles para a emenda de requisitos de participación así como para a realización de alegacións. Esta listaxe provisional de admitidos e excluídos será aprobada pola Alcaldía e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. Unha vez vencido o prazo de emenda de solicitudes e presentación de alegacións, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as aprobada pola Alcaldía no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Esta listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as pode ser obxecto de recurso de reposición e contencioso-administrativo.

A continuación, a comisión de selección procederá á baremación dos méritos dos aspirantes admitidos/as. No caso de que algún aspirante alegue un mérito e non o acredite documentalmente, outorgaráselle un prazo de emenda de tres días hábiles para emendar os méritos pola comisión. A comisión publicará a listaxe de méritos a emendar polo aspirante no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de tres días hábiles procederase á baremación dos méritos elaborando as listas provisionais baremadas de aspirantes admitidos. Unha vez elaborada pola comisión de selección a proposta de lista provisional baremada de aspirantes admitidos/as, recollendo a prelación de aspirantes por orde de puntuación, a Alcaldía a aprobará e publicarase no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia e na sede electrónica, con indicación do prazo de reclamacións que será de 10 días naturais. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar.

Unha vez resoltas as reclamacións pola comisión de selección, o Concello de Xinzo de Limia, a Alcaldía, aprobará, baseándose na proposta da comisión, a listaxe definitiva de aspirantes coa correspondente prelación e baremación e publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e no BOP. Así mesmo, publicarase en dous medios de comunicación de ámbito provincial unha breve referencia a esta listaxe indicando onde se pode consultar. Contra a aprobación pola Alcaldía das listas definitivas poderase interpor recurso de reposición ou contencioso-administrativo.

As listaxes de aspirantes, debidamente actualizadas, estarán publicadas na páxina web do Concello incluíndo o DNI de acordo coa Lei de protección de datos, durante todo o período de vixencia da bolsa.



Sexto. Provisión de postos unha vez vixente a bolsa de emprego

Unha vez elaborada a lista de aspirantes consonte co anterior punto, poderase cubrir, no momento no que se precise, os postos de traballo que poidan precisarse como consecuencia de incapacidades temporais, vacacións, excedencias, permisos, como a continuación se indica:

Oferta de posto/s de traballo e chamamento: cando o Concello de Xinzo de Limia decida facer contratacións laborais temporais deberá acudir á lista definitiva procedendo ao chamamento, por orde numérica decrecente, con inicio naqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación da baremación realizada.

Daquela, en primeiro lugar será chamado o/a aspirante situado/a no posto n.º 1 da lista, por ser o de maior puntuación, e así sucesivamente, de xeito decrecente, iranse realizando o resto dos chamamentos, de acordo coa maior puntuación obtida polos/as aspirantes a ser contratados/as, ata rematar as necesidades de contratación e/ou a lista.

Notificación dos chamamentos

O Concello notificará os chamamentos en primeiro lugar telefonicamente. De non obterse resposta telefónica, notificarase o chamamento por medio de burofax con certificado de contido. De non obterse resposta ao burofax no prazo de 48 horas hábiles, chamarase ao seguinte da lista e o aspirante decaerá no seu posto ata o final da lista.

Dereito a manter o número na lista, desistencia ou renuncia, falta de resposta.

a) Dereito a manter o número na lista mentres non se xunten 12 meses de traballo: o/a aspirante contratado terá dereito a manter o número do posto que ocupe na lista mentres non acumule doce meses de traballo (sexan en períodos continuos ou alternos). A partir da acumulación dos citados 12 meses de traballo, rematado o último contrato do traballador/a, este pasará ao fin da lista, podendo ser chamado/a novamente cando remate a rotación da bolsa.

b) Desistencia ou renuncia a un contrato: o aspirante que renuncie a un contrato sen causa xustificada unha vez seleccionado para formalizalo ou unha vez fose formalizado pasará ao fin da lista. Consideraranse causas xustificadas de renuncia as seguintes:

- Estar en situación de ocupado/a.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.

A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas bolsas de traballo en que se atopará a persoa afectada.

- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas.

c) Chamamento ao traballo sen resposta: o aspirante que, chamado a ser contratado, non dea resposta no prazo de 48 horas, decaerá no seu posto ata o final da lista.

Sétimo. Vixencia da bolsa de contratación

A bolsa de contratación que se constituía consonte con este proceso estará vixente durante dous anos. No caso de que durante o período de vixencia da bolsa se esgotase a listaxe de persoas



incluídas nela por non querer incorporarse ao traballo ningún aspirante, constituirase unha nova bolsa.

2) Nomear aos seguintes membros da comisión de selección:

Presidenta: dona Esmeralda Marra López, directora do Conservatorio de Xinzo de Limia. Substituta: dona Elena Domínguez Rodríguez, profesora de violín do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Primeira vogal: dona Marta María Gómez Ruiz, secretaria do Concello.

Substituta: dona Mónica Legaspi Díaz, interventora do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo vogal: don Eliseo Penín Rodríguez, profesor de trompeta do Conservatorio de Xinzo de Lima.

Substituto: don Roberto Seara Abad, profesor de piano do Conservatorio de Xinzo de Limia.

Terceiro vogal: don Gonzalo Opazo Marra, psicólogo do Concello.

Substituto: don José Francisco Arias Cuesta, técnico de Urbanismo do Concello de Xinzo de Limia.

Secretaria: dona Rosa M^a Ferreiro Campelo, técnico de Secretaría do Concello.

Substituta: dona Rosa María Prol Prol, técnica de Emprego do Concello.

3) Proceder á convocatoria do presente procedemento de constitución dunha bolsa de traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de guitarra do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, que se fará pública a través da publicación das presentes bases no BOP de Ourense, outorgándose un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

4) Ordenar que se publique anuncio facendo referencia a esta convocatoria nos diarios La Región e La Voz de Galicia, así como no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina web do Concello (www.xinzodelimia.es)”.

Documento asinado electronicamente. O alcalde.

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 1.011





Concello de Xinzo de Limia

ANEXO I

D./Dona.....DNI
.....,domicilio en, email.....e
teléfono nº

,EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Xinzo de Limia para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do/a profesor/a de GUITARRA** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense número 87 de data 12/05/2026**.

2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- .- Titulación requirida.
- .- Certificado médico.
- .-Certificado de delitos de natureza sexuais
- .-Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

4. En relación á titulación esixida para acreditar o coñecemento do idioma galego (marcar con x):

Aporto certificado de coñecemento do idioma galego (Celga 4 ou equivalente)	
Solicito a realización da proba de galego	

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Xinzo de Limia,.....de.....do 2026

(Asinado polo/a interesado/a)



Concello de Xinzo de Limia

ANEXO II

DECLARACIÓN DE VERACIDADE

D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e enderezo en _____, teléfono _____, e-mail _____, perante o Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia para participar na convocatoria efectuada para a **constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias do profesor de GUITARRA** do conservatorio municipal que se poidan producir por diferentes causas, axustándose as bases específicas publicadas no **BOP de Ourense número 87 de data 12/05/2026**.

DECLARO:

I.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinar, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desenvolvemento do traballo ao que opto.

III.- Que coa sinatura desta declaración doume por enterado/a que o falseamento de calquera dos seus apartados implica nulidade do posible chamamento ao traballo ou eventual contratación.

Xinzo de Limia, a ____ de _____ de _____

Asdº. _____